



Visto o escrito, do 14 de febreiro de 2019, que achega D. Rubén Fernández Cuesta, en calidade de director académico do Centro Autorizado de Ensinanzas Superiores de Música Mayeysis de Vigo (Orde do 9 de xaneiro de 2015, publicada no DOG do 28 de xaneiro), polo que solicita convocatoria para a realización das probas de acceso ás ensinanzas superiores de música que dito centro ten autorizadas.

De acordo co establecido no punto segundo da dita Orde do 9 de xaneiro de 2015, con data do 4 de agosto de 2015, a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra acordou habilitar expresamente ao profesorado que impartirá ensinanzas superiores de música no dito centro autorizado; posteriormente, o 15 de maio de 2017 a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra acordou habilitar ao profesorado que impartirá a docencia na especialidade de Produción e Xestión, estando, pois, en situación de poder iniciar a súa actividade docente.

De acordo co establecido no artigo 5 do *Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia*, e do *Decreto 171/2016, do 24 de novembro, polo que se establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios*, a Dirección Xeral correspondente convocará, organizará, desenvolverá e avaliará, con carácter anual, unha proba específica de acceso a estes estudos.

Tendo en conta o exposto, esta Dirección Xeral RESOLVE convocar probas específicas de acceso ás ensinanzas superiores de música, que se realizarán de acordo ao seguinte:

- As probas específicas de acceso desenvolveranse de acordo ao establecido no artigo 5 do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, para as especialidades de Interpretación (itinerarios de Jazz, Piano e Canto) e Composición, e no artigo 5 do Decreto 171/2016, do 24 de novembro, para a especialidade Produción e Xestión, así como ao establecido nos artigos 3, 4, 5, 8 e 9 da Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música (DOG do 1 de decembro de 2016).
- Só poderán inscribirse nas probas específicas as/os aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas.
- Os/As aspirantes deberán de aboar os prezos públicos correspondentes ás probas de acceso a estas ensinanzas, de acordo co establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, para este tipo de probas.
- Antes do inicio das probas, o tribunal comprobará que os aspirantes reúnen os requisitos para realizar as mesmas.
- A inscrición para participar nas probas realizarase no Centro Autorizado de Ensinanzas





Superiores de Música Mayeysis ata o día 17 de xuño. O día 18 farase pública a listaxe provisional de admitidos, contra a que se poderá presentar reclamación ata o día 20, facéndose pública a listaxe definitiva o día 21 de xuño.

- As probas terán lugar no Centro Autorizado de Ensinanzas Superiores de Música Mayeysis (Rúa Areal, 118 – 36201 Vigo), os días 24 e 25 de xuño de 09.30 a 13.30 horas.
- A listaxe provisional de aspirantes que superen as probas publicarase o 26 de xuño no taboleiro de anuncios.
- A reclamación aos resultados das probas realizarase ata o día 28 de xuño.
- A listaxe definitiva de aspirantes que superen as probas publicarase o 1 de xullo.
- As probas serán administradas, avaliadas e cualificadas por un tribunal para cada especialidade, cuxos membros serán nomeados polo director do centro autorizado, de entre o profesorado habilitado para impartir estas ensinanzas pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de Pontevedra. Os tribunais estarán integrados por un mínimo de tres membros e por un máximo de cinco membros, e serán presididos polo inspector de educación Gustavo Lorenzo Prozzo, e actuará como secretario Xosé María López Carretero, asesor técnico docente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Os membros do tribunal que teñan a condición de funcionarios públicos percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou norma que o substitúa.
- Con posterioridade á realización das probas, o Centro Autorizado de Ensinanzas Superiores de Música Mayeysis de Vigo remitirá ao Conservatorio Superior de Música de Vigo toda a documentación relativa ás mesmas.

Santiago de Compostela

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

SR. DIRECTOR DO CENTRO AUTORIZADO DE ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA MAYEYSIS

Rúa Areal, 118 – 36201 Vigo

